Os estándares mínimos de aprendizaxe para este curso, debido a situación actual provocada pola COVID-19 pasan a ser:

- Comprende e emprega os niveis de iconicidade da imaxe.
- Realiza composicións con diferentes técnicas gráficas para expresar sensacións por medio do uso da cor.
- Utiliza con propiedade as técnicas gráfico-plásticas coñecidas aplicándoas de forma axeitada ao obxectivo da actividade.
- Clasifica correctamente calquera polígono de tres a cinco lados, diferenciando claramente se é regular ou irregular.
- Constrúe triángulos equiláteros e cadrados coñecido o lado.
- Coñece as propiedades de tanxencias e aplícaa na construción de curvas técnicas como espirais e óvalos.
- Identifica e obtén vistas diédricas de sólidos sinxelos.
- Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en orde e estado perfectos, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.

En canto as competencias imprescindibles a acadar son:

- CL. Competencia lingüística.
- CMCCT. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- CAA. Competencia aprender a aprender.
- CSC. Competencias sociais e cívicas.
- CSIEE. Sentido da iniciativa e espírito emprendedor.
- CCEC Conciencia e expresións culturais.

RELIXIÓN

Os estándares mínimos de aprendizaxe:

Explicar as diferenzas entre o ben e o mal moral e as súas consecuencias persoais e sociais.

Indicar en que consisten os sacramentos do Perdón e da Unción de enfermos.

Enumerar formas de vocación cristiá.

Coñecer o sacramento da Orde e os seus principais ritos e símbolos.

Resumir a conversión e vocación de San Pablo.

Explicar quen forma a Igrexa e cal é a súa organización actual.

Definir a misión da Igrexa.

Describir a primeira comunidade cristiá.

Explicar en que consiste a dobre dimensión humana e divina da Igrexa.

Identificar as peregrinacións cristiás e o seu sentido.

As competencias imprescindibles que desenvolvemos son:

A comunicación lingüística; a competencia dixital; o aprender a aprender; competencias sociais e cívicas; o sentido de iniciativa e espírito emprendedor; e a conciencia e expresións culturais

XEOGRAFÍA.

Debido á situación provocada pola pandemia e polo confinamento dos alumnos/as dende o pasado 13 de marzo e atendendo as dificultades que os alumnos/as poden ter para acadar as competencias previstas na programación anual, os mínimos esixibles para pasar de curso na materia de Xeografía pasarán a ser os seguintes:

1. Dominar o vocabulario específico das unidades desenvoladas nos dous primeiros trimestres
2. Interpretar e elaborar principais sistemas de representación gráfica: pirámides, climogramas, mapas temáticos,, meteorolóxicos, gráficas de barras, de liñas e sectoriais.
3. Identificar en mapas mudos as principais unidades de relevo mundiais (montañas, ríos, chairas, mares...) e especialmente Europa, España e Galicia.
4. Localizar e coñecer as características das distintas zonas climáticas e a incidencia do clima na vida humana así como a interpretación dos sistemas de representación (gráficas termopluriométricas) e cálculos propios.
5. Coñecer os trazos fundamentais da estrutura e evolución poboacional española e galega, as fontes demográficas e calcular as principais taxas para o estudo demográfico.
6. Coñecer os sectores e axentes económicos así como os caracteres dos diferentes sistemas económicos.
7. Comprender o significado histórico da etapa do Renacemento en Europa.
8. Relacionar a concepción do humanismo e o legado dos artistas e científicos do Renacemento con etapas anteriores e posteriores.
9. Identificar o reinado dos Reis Católicos como unha etapa de transición entre a Idade Media e a Idade Moderna.
10. Coñecer os procesos de conquista e colonización, e as súas consecuencias.

11. Comprender a diferenza entre os reinos medievais e as monarquías modernas.
12. Coñecer as características das políticas internas e as relacións exteriores dos séculos XVI e XVII en Europa.
13. Coñecer a vida e obra dalgúns autores da Idade Moderna.
14. Apreciar a importancia da arte barroca en Europa e en América.

As competencias imprescindibles serían as seguintes:

Comunicación lingüística

Competencia dixital

Conciencia e expresións culturais

Competencias sociais e cívicas

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Aprender a aprender

VALORES ÉTICOS.

Debido á situación provocada pola pandemia e polo confinamento dos alumnos/as dende o pasado 13 de marzo e atendendo as dificultades que os alumnos/as poden ter para acadar as competencias previstas na programación anual, os mínimos esixibles para pasar de curso na materia de Valores Éticos pasarán a ser os seguintes:

1. Reflexionar sobre os avances científicos e os Dereitos Humanos.
2. Explicar de forma axeitada qué son os dereitos civís e por algúns exemplos
3. Describir os conceptos : democracia, cidadán/cidadá, soberanía, autonomía persoal, igualdade e xustiza.
4. Coñecer a división de poderes no Estado democrático.
5. Argumentar sobre a idea de progreso na ciencia e a súa relación cos valores éticos, o respecto á dignidade humana e o seu medio, e elabora e expón conclusións.
6. Sinalar os obxectivos da creación da ONU e a data en que se asinou a DUDH, e valora a importancia deste feito para a historia da humanidade.
7. Comprender e valorar o que supuxo o nacismo e racismo na contra dos dereitos das persoas.
8. Definir e compara: Ética e Dereito, e legalidade e lexitimidade.
9. Recoñecer de forma efectiva as súas obrigas como cidadán/cidadá.
10. Coñecer a división de poderes no Estado democrático.

As competencias imprescindibles serán as seguintes:

Comunicación lingüística

Competencia dixital

Conciencia e expresións culturais

Competencias sociais e cívicas

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Aprender a aprender

CULTURA CLÁSICA.

Debido á situación provocada pola pandemia e polo confinamento dos alumnos/as dende o pasado 13 de marzo e atendendo as dificultades que os alumnos/as poden ter para acadar as competencias previstas na programación anual, os mínimos esixibles para pasar de curso na materia de Cultura Clásica pasarán a ser os seguintes:

1. Sinalar sobre un mapa o marco xeográfico en que se sitúan en distintos períodos as civilizacións grega e romana e delimitando o seu ámbito de influencia.
2. Saber enmarcar determinados feitos históricos nas civilizacións grega e romana e no período histórico correspondente.
3. Distinguir as etapas da historia de Grecia e Roma.
4. Enumerar as principais características da relixión grega.
5. Describir a organización das sociedades grega e romana.
6. Pode nomear coa súa denominación grega e latina os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina.
7. Distinguir a relixión oficial de Roma dos cultos privados.
8. Nomear os principais sistemas políticos da antigüidade clásica.
9. Describir as principais formas de lecer das sociedades grega e romana.
10. Describir a evolución das linguas romances a partir do latín como un proceso histórico.
11. Recoñecer e explica o significado dalgúns dos helenismos e latinismos máis frecuentes.
12. Sinalar algúns aspectos básicos da cultura e a civilización grecolatina que perviviron ata a actualidade.
13. Describir as principais características dos grupos que compoñen as sociedades grega e romana.

As competencias imprescindibles serían as seguintes:

Comunicación lingüística

Competencia dixital

Conciencia e expresións culturais

Competencias sociais e cívicas

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Aprender a aprender

PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA INGLÉS

PLEB1.3. Entende o esencial do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en hoteis, tendas, albergues, restaurantes, e centros de lecer, de estudos ou de traballo). (CL, CD, AA, CEC)

PLEB2.4. Desenvólvese correctamente en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento). (CL, CD, AA, CEC)

PLEB3.6. Entende o esencial de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal, educativo ou ocupacional (por exemplo, sobre un curso de idiomas ou unha compra por internet). (CL, CD, AA, CEC)

PLEB4.2. Escribe informes moi breves en formato convencional con información sinxela e relevante sobre feitos habituais e os motivos de certas accións, nos ámbitos educativo e ocupacional, describindo de xeito sinxelo situacións, persoas, obxectos e lugares, e sinalando os principais acontecementos de forma esquemática. (CL, CD, AA, CEC)

PLB5.3. Utiliza as convencións máis habituais propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo (saúdos, rutinas para iniciar ou manter a quenda de palabra, fórmulas orais breves para manter a atención, facer preguntas por preferencias, expresar opinións, etc.) en rexistro estándar. (CL, CD, AA, CEC)

PLB5.6. Domina as estruturas morfosintácticas e discursivas máis habituais para comprender e expresar en rexistros estándar intencións e significados mediante as funcións comunicativas propias do seu nivel, e reflexiona sobre a utilidade do coñecemento adquirido noutras linguas para comprender e elaborar textos na lingua meta. (CL, AA, CEC)

EDUCACIÓN FÍSICA

- Os estándares mínimos de aprendizaxe serían:

1. Relacionar a estrutura dunha sesión de actividade física coa intensidade dos esforzos realizados.
2. Preparar e realizar quencementos e estiramentos específicos de forma autonómica e habitual.
3. Ser capaz de poñer en práctica actividades para a mellora das habilidades motoras en función das súas propias dificultades.
4. Amosar tolerancia, respecto e compañerismo aos seus compañeiros, ao profesorado e ao material.
5. Colabora de xeito adecuado nas actividades tanto grupais como individuais para acadar os obxetivos propostos.
6. Relacionar os hábitos saudables coa mellora de calidade de vida.
7. Levar a cabo técnicas corporais, de forma creativa, combinando espazo, tempo e intensidade.
8. Colaborar e deseñar un baile grupal.
9. Alcanzar niveis de condición física acordes ao seu momento de desenvolvemento motor e as súas capacidades; mellorando así a súa destreza deportiva e calidade de vida ao mesmo tempo.

10. Aplicar os aspectos básicos das técnicas e habilidades específicas, das diferentes actividades propostas, respetando as regras e as normas establecidas.
11. Diferenciar técnica de táctica.
12. Demostrar afán de superación e implicación nas tarefas propostas.

- As competencias imprescindibles serían:

1. Competencia de aprender a aprender.
2. Competencia social e cívica.
3. Competencia de sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
4. Competencia de conciencia e expresións culturais.

MÚSICA 3º ESO.

Tendo en conta a situación actual e despois de adaptar/revisar a programación, os estándares de aprendizaxe mínimos para este curso serían.:

- MUB1.1.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; notas adicionais,; duración das figuras; indicación rítmicas e de tempo, etc.)
- MUB2.4.2. Recoñece e sabe situar no espazo e no tempo músicas de diferentes culturas e épocas históricas.
- MUB3.1.1. Expresa contidos musicais e relaciónaos con épocas da historia da música e con outras disciplinas.
- MUB3.2.1. Amosa interese por coñecer música de diferentes épocas e culturas como fonte de enriquecemento cultural e satisfacción persoal, elaborando algún proxecto de investigación e exposición.
- MUB3.4.1. Distingue e sitúa temporalmente as épocas da historia da música e as tendencias musicais.
- MUB4.2.1. Utiliza con autonomía as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical.

En canto ás competencias, sinalaremos como imprescindibles para este curso as seguintes:

- Comunicación lingüística (CCL)
- Competencia dixital (CD)
- Conciencia e expresións culturais (CCEC)
- Aprender a aprender (CAA)
- Competencias sociais e cívicas (CSC)

4º ESO

BIOLOXÍA.

Debido á situación provocada pola COVID-19 no presente curso e atendendo as dificultades que os alumnos poden ter para acadar as competencias previstas na programación anual, os mínimos esixibles para pasar de curso pasarán a ser os seguintes:

- Compara a célula procariota e a eucariota, a animal e a vexetal e recoñece a función dos orgánulos máis importantes.
- Distingue os compoñentes do núcleo e a súa función segundo as etapas do ciclo celular.
- Recoñece as fases da mitose e meiose e distingue o seu significado biolóxico.
- Distingue os ácidos nucleicos.
- Recoñece a función do ADN como portador da información xenética, e relaciónao co concepto de xene.
- Ilustra os mecanismos da expresión xenética por medio do código xenético.
- Recoñece e explica en que consisten as mutacións e os seus tipos.
- Recoñece os principios básicos da xenética mendeliana e resolve problemas prácticos sinxelos de cruzamentos con un carácter.
- Resolve problemas prácticos sinxelos sobre a herdanza do sexo e a ligada ao sexo.
- Resolve problemas prácticos sinxelos sobre doenzas hereditarias, utilizando árbores xenealóxicas.
- Coñece algunha técnica de traballo en enxeñaría xenética.
- Distingue clonación terapéutica e reprodutiva.
- Analiza as implicacións éticas, sociais e ambientais da enxeñaría xenética.
- Distingue as características que diferencian lamarckismo, darwinismo e neodarwinismo.
- Establece a relación entre variabilidade xenética, adaptación e selección natural.
- Utiliza fontes de información, apoiándose nas TIC, para a elaboración e a presentación das súas investigacións.
- Participa, valora e respecta o traballo individual e en grupo.
- Deseña pequenos traballos de investigación para a súa presentación na aula.
- Expresa de xeito comprensible as conclusións das súas investigacións por escrito.

LINGUA GALEGA E LITERATURA

Os estándares mínimos de aprendizaxe serían: comprender o sentido global de textos orais dos medios de comunicación audiovisuais dos que poder distinguir as partes, o tema, así como a idea principal e as secundarias; identificar a intención comunicativa; usar, se se posúe, a variante dialectal propia e asumir como a variedade habitual do seu contexto; producir textos orais e participar con fluidez en intervencións espontáneas usando un léxico variado e o rexistro adecuado; empregar as TIC para documentarse bibliograficamente; diferenciar os trazos característicos dos textos xornalísticos de opinión; coñecer as regras ortográficas e morfolóxicas da lingua galega nos discursos orais e escritos; recoñecer, explicar e usar un léxico amplo e preciso de diferentes categorías gramaticais; recoñecer e explicar os procedementos de creación de palabras; recoñecer a estrutura interna das oracións, identificando o verbo e os seus complementos; clasificar oracións segundo a natureza do predicado; recoñecer os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde 1916; describir a situación sociolingüística e legal das linguas de España; recoñecer os principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas, diafásicas e diastráticas da lingua galega; recoñecer os trazos da variedade estándar da lingua galega e valorala como variedade unificadora; identificar os distintos períodos e xeracións da literatura galega desde 1916 ata a actualidade sinalando os seus principais trazos característicos; ler autonomamente obras ou textos representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade; consultar fontes de información variadas para a realización de traballos empregando diferentes recursos das TIC

O obxectivo desta materia é o desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística, a competencia dixital, a competencia de aprender a aprender, a competencia social e cidadá, a competencia en sentido da iniciativa e espírito emprendedor e a competencia en conciencia e expresións culturais.

PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA INGLÉS 4º ESO

PLEB2.3. Fai presentacións breves , ben estruturadas, ensaiadas previamente e con apoio visual (por exemplo, PowerPoint), sobre aspectos concretos de temas educativos ou ocupacionais do seu interese, organizando a información básica de maneira coherente, explicando as ideas principais brevemente e con claridade, e respondendo a preguntas sinxelas de oíntes articuladas de maneira clara e a velocidade media.(**CL,CD,AA,CEC**)

PLEB4.1. Escribe, nun formato convencional, informes breves e sinxelos nos que dá información esencial sobre un tema educativo ou ocupacional, ou menos habitual (por exemplo, un accidente), describindo brevemente situacións, persoas, obxectos e lugares; narrando acontecementos nunha clara secuencia lineal, e explicando de maneira sinxela os motivos de certas accións.(**CL,CD,AA,CEC**)

PLEB5.1. Exprésase cunha pronunciación clara, aceptable e comprensible, e utiliza adecuadamente os esquemas fonolóxicos básicos, aínda que teña que repetir algunha vez por solicitude das persoas interlocutoras..(**CL, CA, CEC**)

PLEB5.3. Desenvólvese adecuadamente en situacións cotiás e menos habituais que poden xurdir durante unha viaxe ou estadia noutros países por motivos persoais, educativos ou ocupacionais (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, traballo, relacións coas autoridades, saúde e lecer), e sabe solicitar atención, información, axuda ou explicacións, e facer

unha reclamación ou unha xestión formal de xeito sinxelo, pero correcta e adecuada ao contexto. **(CL,CA,AA,CEC)**

EDUCACIÓN FÍSICA 4º ESO.

- Os estándares mínimos de aprendizaxe serían:

- Analizar a actividade física principal da sesión para establecer as características que deben ter as fases de activación e de volta á calma.
- Realizar exercicios ou actividades nas fases inicial e final de algunha sesión, de xeito autónomo, acorde co seu nivel de competencia motriz.
- Traballar en actividades grupais.
- Valorar o traballo e o esforzo dos compañeiros, valorando e respectando os distintos niveis de competencia motriz e outras diferenzas.
- Manter unha actitude crítica ante os comportamentos antideportivos.
- Usar correctamente os materiais deportivos.
- Vincular a práctica de actividade física co benestar físico e mental tanto a nivel individual como social.
- Colaborar no deseño e práctica de un baile.
- Relacionar hábitos como o sedentarismo ou o consumo de tabaco e bebidas alcohólicas cos seus efectos na condición física e saúde.
- Valorar as necesidades de alimentos e hidratación para a realización de diferentes tipos de actividade física.
- Practicar de forma regular, sistemática e autónoma en actividades físicas co fin de mellorar a saúde e a calidade de vida.
- Distinguir e aplicar os termos de técnica-táctica.
- Aplicar de xeito oportuno e eficaz as extratexias específicas das actividades de colaboración-oposición, intercambiando os papeis con continuidade perseguindo un obxectivo colectivo de obter situacións ventaxosas sobre o adversario.
- Saber tomar decisións correctas no terreo de xogo.
- Demostrar hábitos e actitudes de conservación e protección ambiental.

- As competencias imprescindibles serían:

1. Competencia de aprender a aprender.
2. Competencia social e cívica.
3. Competencia de comunicación lingüística.
4. Competencia de sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
5. Competencia de conciencia e expresións culturais.

ECONOMÍA

Debido á situación provocada pola pandemia e polo confinamento dos alumnos/as dende o pasado 13 de marzo e atendendo as dificultades que os alumnos/as poden ter para acadar as competencias previstas na programación anual, os mínimos esixibles para pasar de curso na materia de Economía pasarán a ser os seguintes:

- Distingue formas de analizar e resolver problemas económicos
- Representa as relacións que se establecen entre as economías domésticas e as empresas.
- Distingue as formas xurídicas das empresas.
- Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda
- Elabora un orzamento ou plan financeiro persoal, identificando os ingresos e os gastos integrantes
- Identifica as vías de onde proceden os ingresos do Estado, así como as principais áreas dos gastos do Estado.
- Valora datos e gráficos de contido económico relacionados cos tipos de xuro, inflación e desemprego
- Comprende as necesidades de planificación e do manexo de asuntos financeiros ao longo da vida.

As competencias imprescindibles serían as seguintes:

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Comunicación lingüística

Competencia dixital

Conciencia e expresións culturais

Competencias sociais e cívicas

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Aprender a aprender

EDUCACIÓN PLÁSTICA VISUAL E AUDIOVISUAL 4º ESO.

Os estándares mínimos de aprendizaxe para este curso, debido a situación actual provocada pola COVID-19 pasan a ser:

- Realiza composicións artísticas seleccionando e utilizando os elementos da linguaxe plástica e visual.
- Aplica as leis da composición nas súas producións artísticas.
- Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos.
- Coñece os diferentes tipos de polígonos. Resolve problemas de rectángulos e cadrados a partir de diferentes datos.
- Debuxa as vistas de figuras tridimensionais sinxelas.
- Constrúe perspectivas axonométricas de figuras tridimensionais sinxelas.

- Coñece as propiedades das tanxencias.
- Coñece e planifica as fases de realización da imaxe corporativa dunha empresa.
- Planifica os pasos na realización de proxectos artísticos e respecta o realizado por compañeiros e compañeiras.

En canto as competencias imprescindibles a acadar son:

- CL. Competencia lingüística
- CMCCT. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- CAA. Competencia aprender a aprender.
- CSC. Competencias sociais e cívicas.
- CSIEE. Sentido da iniciativa e espírito emprendedor.
- CCEC Conciencia e expresións culturais.

FISICA 4º ESO

- Coñecer as magnitudes fundamentais e derivadas coas súas unidades nos diferentes sistemas.
- Resolución de problemas e gráficas relacionados co MRU e MRUV.
- Determinación do período, frecuencia, velocidade lineal cun corpo con movemento circular uniforme.
- Coñecer e identificar os distintos tipos de forzas e a súa medición.
- Coñecer a composición de forzas concurrentes e non concurrentes.
- Coñecer as leis de Newton. Principio fundamental da Dinámica.
- Resolver problemas que relacionan forzas e movemento.
- Comprender os conceptos de traballo e potencia.
- Recoñecer e diferenciar as distintas formas de enerxía e os intercambios entre elas. Enerxía cinética e potencial.
- Relacionar traballo e enerxía.
- Manexar o Principio da Conservación da Enerxía.
- Relacionar os cambios de estado da materia ca temperatura.
- Comprender o equilibrio térmico nas mezclas.
- Coñecer o concepto de Presión, presión hidrostática, Principio de Pascal e Principio de Arquímedes e as condicións de flotación.

FRANCÉS 4º ESO.

Os estándares mínimos de aprendizaxe serían:

- Nas actividades de aula, esfórzase en comprender , axustándose á tarefa.
- Comprende a información máis importante de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves que son articulados de maneira lenta e clara.
- Nunha conversa informal na que participa comprende descrições, narracións, puntos de vista e opinións formulados de xeito simple sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese.
- Coa axuda da imaxe identifica instrucións xerais breves e sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos de uso cotián, así como instrucións claras para a realización de actividades e normas de seguridade básicas.
- Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas como saúdos, despedidas...
- Entende os puntos principais do que se lle di en actividades cotiás.
- Comprende preguntas sinxelas sobre asuntos persoais ou educativos.
- Participa en conversas informais breves.
- Capta o sentido xeral e algúns detalles importantes de textos moi breves.
- Completa un cuestionario sinxelo con información persoal básica e relativa aos seus intereses ou ás súas afeccións.
- Escribe notas e mensaxes breves.

As competencias imprescindibles serían:

- CL
- CD
- CAA
- CSC

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA 4º ESO

Os estándares mínimos de aprendizaxe serían:

Retén información relevante e extrae informacións concretas.

- Comprende o sentido global de textos orais de intención narrativa, descritiva, instrutiva, expositiva e argumentativa, identificando a estrutura.
- Utiliza progresivamente os instrumentos adecuados para localizar o significado de palabras ou enunciados descoñecidos
- Transforma e amplía oracións simples en oracións compostas, usando conectores e outros procedementos de substitución para evitar repeticións.
- Recoñece e expresa o tema, as ideas principais e a intención comunicativa de textos escritos.
- Identifica os trazos diferenciais dos xéneros xornalísticos informativos e de opinión.
- Utiliza de forma autónoma diversas fontes de información, integrando os coñecementos adquiridos nolos seus discursos orais ou escritos.
- Redacta con claridade e corrección textos narrativos, descritivos, instrutivos.

- Utiliza os dicionarios e outras fontes de consulta en papel e formato dixital, resolve eficazmente as súas dúbidas sobre o uso correcto da lingua e progresa na aprendizaxe autónoma.
- Le e comprende cun grao crecente de interese e autonomía obras literarias próximas aos seus gustos e ás súas afeccións.
- Le e comprende unha selección de textos literarios representativos da literatura desde o século XVIII aos nosos días, identificando o tema, resumindo o seu contido.
- Redacta textos persoais de intención literaria a partir de modelos dados.
- Utiliza recursos variados das tecnoloxías da información e da comunicación para a realización dos seus traballos educativos.

As competencias imprescindibles serían:

CL
CD
CAA
CSC
CSI
CCEC
CMCT

MATEMÁTICAS 4º ESO

- Coñecer os números reais.
- Operar con radicais.
- Operar con logaritmos.
- Operar con polinomios.
- Factorización de polinomios
- Operacións combinadas sinxelas con fraccións alxébricas.
- Saber resolver ecuacións : primeiro grao, segundo grao, bicuadradas, racionais, irracionais, exponenciais e logarítmicas.
- Resolver sistemas de ecuacións con dúas e tres incógnitas e de segundo grado.
- Resolver inecuacións cunha icógnita.
- Calcular as razóns trigonométricas dun ángulo, resolver problemas sinxelos e demostrar igualdades trigonométricas sinxelas.
- Saber operar con vectores. Produto escalar.
- Coñecer as diferentes ecuacións da recta.
- Coñecer a posición relativa entre rectas.
- Resolver problemas métricos sinxelos.
- Concepto de límite e saber calcular o límite dunha sucesión.

VALORES ÉTICOS.

Debido á situación provocada pola pandemia e polo confinamento dos alumnos/as dende o pasado 13 de marzo e atendendo as dificultades que os alumnos/as poden ter para acadar as competencias previstas na programación anual, os mínimos esixibles para pasar de curso na materia de Valores Éticos pasarán a ser os seguintes:

- Identifica a orixe dos dereitos inalienables e universais.
- Comenta os dereitos do individuo que o Estado debe respectar e fomentar, nas relacións existentes entre ambos.
- Indica os perigos que encerra o fenómeno da socialización global se se desenvolve á marxe dos valores éticos universais.
- Comprende a importancia que ten para a democracia e a xustiza, que os cidadáns e as cidadás coñezan e cumpran os seus deberes
- Explica a finalidade e as características das leis xurídicas dentro do Estado.
- Xustifica racionalmente a importancia dos dereitos humanos como ideais para alcanzar polas sociedades e os Estados, e recoñece os retos que aínda teñen que superar.

As competencias imprescindibles serán as seguintes:

Comunicación lingüística

Competencia dixital

Conciencia e expresións culturais

Competencias sociais e cívicas

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Aprender a aprender

FRANCÉS 4º ESO.

Os estándares mínimos de aprendizaxe serían:

- Nas actividades de aula, esfórzase en comprender , axustándose á tarefa.
- Comprende a información máis importante de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves que son articulados de maneira lenta e clara.
- Nunha conversa informal na que participa comprende descricións, narracións, puntos de vista e opinións formulados de xeito simple sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese.
- Coa axuda da imaxe identifica instrucións xerais breves e sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos de uso cotián, así como instrucións claras para a realización de actividades e normas de seguridade básicas.
- Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas como saúdos, despedidas...
- Entende os puntos principais do que se lle di en actividades cotiás.
- Comprende preguntas sinxelas sobre asuntos persoais ou educativos.
- Participa en conversas informais breves.
- Capta o sentido xeral e algúns detalles importantes de textos moi breves.

- Completa un cuestionario sinxelo con información persoal básica e relativa aos seus intereses ou ás súas afeccións.
- Escribe notas e mensaxes breves.

As competencias imprescindibles serían:

- CL
- CD
- CAA
- CSC

RELIXIÓN

Os estándares mínimos de aprendizaxe son os seguintes:

- Identificar e clasificar as características principais das relixións monoteístas.
- Sinalar valores que permitan mellorar situacións de conflito relacionadas coas relixións.
- Describir a fidelidade permanente de Deus.
- Sinalar os personaxes e acontecementos máis significativos da Historia da Salvación.
- Describir a misión salvadora de Xesús.
- Expoñer a súa función dos misioneiros.
- Enumerar e coñecer os sacramentos da Igrexa católica
- Definir a misión da Igrexa e a súa relación co Reino de Deus.
- Enumerar comportamentos necesarios para cambiar o mundo.
- Propoñer comportamentos que os cristiáns deben practicar en relación co medio ambiente.
- Comentar a orixe do mundo e a realidade como froito do amor de Deus.
- Recapacitar e meditar sobre a paz.

As competencias imprescindibles que desenrolamos son:

A comunicación lingüística; a competencia dixital; o aprender a aprender; competencias sociais e cívicas; o sentido de iniciativa e espírito emprendedor; e a conciencia e expresións culturais.

AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

AVALIACIÓN.

Procedementos.

Os procedementos de avaliación adecúanse ás adaptacións metodolóxicas realizadas durante o terceiro trimestre do curso 2019-2020. Non obstante, dáselle prioridade á avaliación, atendendo ao seu carácter continuo e global, diagnóstico e formativo, a partir das avaliacións anteriores e as actividades desenvolvidas durante este período, sempre que iso favoreza ao alumno ou á alumna.

O centro flexibiliza, en consecuencia, os criterios de avaliación previstos para cada curso, identificando e valorando especialmente as aprendizaxes máis relevantes e imprescindibles para a continuidade do proceso educativo, o reforzo e a consolidación das aprendizaxes realizadas nos dous primeiros trimestres do curso. Estes criterios de avaliación teñen un carácter diagnóstico e formativo, e permiten as adaptacións necesarias das programacións didácticas do seguinte curso 2020-2021, para incorporar aqueles obxectivos, contidos e aprendizaxes que, polas circunstancias especiais do terceiro trimestre, non fosen abordados.

Instrumentos.

Na actualidade, e por mor das circunstancias especiais, os instrumentos de avaliación que empregaremos de forma preferente son:

- a) Escalas de Valoración e Listas de Control de rexistro de tarefas telemáticas..
- b) Seguimento das actividades baixo o control tutorial nas diversas canles estipuladas a tal efecto.
- c) Outros que poidan establecerse segundo as propostas telemáticas establecidas

CUALIFICACIÓN FINAL.

A avaliación e cualificación do alumno adáptase as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres, así como ás actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, polo que en atención ao criterio de avaliación continúa consignarse a cualificación final valorando as dúas primeiras avaliacións cun **90%** da nota final, modificada, sempre en beneficio do alumnado, segundo as condicións e características do traballo desenvolvido desde a suspensión da actividade lectiva presencial nas aulas físicas , e atendendo á adecuación do mesmo, seguimento activo das aprendizaxes e implicación e grao de calidade nas tarefas propostas e/ou entregadas.

Poderá promocionar alumnado, e de maneira excepcional, neste curso 2019-20 en ter en conta limitacións que afecten ao número de áreas pendentes. Farase un informe individual orientador, detallando aquelas aprendizaxes imprescindibles non adquiridas a causa das circunstancias do terceiro trimestre, e que deberán ser obxecto de tratamento durante o próximo curso escolar 2020-2021.

MATERIAS PENDENTES

Prestarase especial atención á avaliación do alumnado con materias pendentes. No caso do alumnado do que non se dispoña de información obxectiva para unha avaliación de materias pendentes ou con avaliación negativa, poderá ser convocado a unha proba telemática, se a situación sanitaria non permite a realización de probas presenciais. Esta proba poderá ser substituída pola realización de traballos ou actividades que permitan unha avaliación obxectiva.

PROMOCIÓN E TITULACIÓN

A promoción de curso será a norma xeral en todas as etapas, considerándose a repetición de curso unha medida moi excepcional, que non poderá estar baseada unicamente no número de materias non superadas, e deberá estar solidamente argumentada e acompañada dun plan preciso de recuperación para cada alumno ou alumna. Dita medida será adoptada de maneira colexiada polo equipo docente en función da evolución académica do estudante durante o período previo á suspensión da actividade lectiva presencial.

Os alumnos e alumnas que promocionen ser ter superado todas as materias seguirán os programas de reforzo, individuais ou grupais que estableza cada equipo docente no marco que se dispoña pola administración educativa para o vindeiro curso.

A titulación do alumnado non poderá verse prexudicada polo cambio na metodoloxía na aprendizaxe non presencial. Flexibilizaranse os criterios de obtención do título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria, baseándose na adquisición dos obxectivos xerais establecidos para a etapa e o desenvolvemento das competencias. Para obter a titulación non se terán en conta as limitacións que afecten ao número de materias pendentes.

Os equipos docentes poderán adoptar a decisión colexiada de promoción e de titulación tanto na convocatoria ordinaria de xuño como na extraordinaria de setembro.

METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE

(recuperación, repaso, reforzo e no seu caso, ampliación)

ACTIVIDADES.

Desenvolvemento de actividades de repaso, recuperación, reforzo das aprendizaxes e competencias adquiridas nos dous primeiros trimestres así como ampliación das aprendizaxes tomando como referentes aqueles obxectivos e competencias clave máis necesarios para a adecuada progresión do alumnado e que requiran unha mínima intervención docente para a súa adquisición.

Tamén se deseñan unhas actividades específicas enfocadas a axudar a adquisición de competencias daqueles alumnos que non o conseguiron nos primeiros trimestres.

Todas as actividades son globalizadoras e interdisciplinares, debidamente titorizadas, e tentan promover o traballo cooperativo entre o persoal docente e equipos docentes das distintas áreas e inciden en promover aspectos de reflexión hábitos de autonomía na xestión do traballo por parte do alumnado, ao tempo que conxugan o aspecto máis interdisciplinar e activo da tarefa, buscando una xestión de recursos diversa e continua.

METODOLOXÍA.

(alumnado con conectividade e sen conectividade)

A metodoloxía a desenvolver neste período será activa, innovadora, proporcionará ao alumnado o apoio e seguimento necesario para facilitar o asentamento da súa aprendizaxe, a recuperación e reforzo das competencias e a asimilación de novas facetas que requiran un mínimo de intervención directa e que fomenten a autonomía e progresión paulatina das aprendizaxes do discente.

Así mesmo o nivel e coa finalidade de axudar ao alumnado organizarase a actividade de xeito gradual con unha continua progresión, autorregulando a súa aprendizaxe e mantendo un bo estado emocional. Así mesmo o nivel, por medio da súa coordinación, organizará os recursos de apoio para favorecer na medida do posible a axeitada atención ao alumnado con necesidades educativas especiais, favorecendo o seu acceso ao currículo por medio da adaptación dos instrumentos, tempos e apoios que aseguren una adecuada atención e avaliación deste alumnado. Porase, asemade, especial coidado na atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Para iso contarase co asesoramento do equipo de Orientación que programará as medidas necesarias para a atención á diversidade segundo o Plan Xeral (PAD) elaborado a principios de curso.

Igualmente dotarase da formación específica ao alumnado para o traballo telemático, e calquera outra tarefa específica a tal efecto.

O alumnado sen conectividade será identificado (como xa se fixo a comezos deste período) e manterase con eles un seguimento continuo por outros medios, podendo trasladarlle medios materiais específicos (tablets ou ordenadores se fora posible) ou imprimíndolle as tarefas e facendo a entrega dese traballo de forma semanal e habitual. Así mesmo incidirase na xestión tutorial con maior incidencia nestes casos, favorecendo calquera axuda que o alumnado poida reclamar.

MATERIAIS E RECURSOS.

Materiais específicos que se trasladen de forma telemáticas, os materiais habituais de traballo no ámbito docente. Igualmente deberemos trasladar e insistir en proporcionar calquera axuda de materiais que poida necesitar o alumnado para o desenvolvemento axeitado das súas tarefas.

INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

INFORMACIÓN AO ALUMNADO E AS FAMILIAS.

Toda comunidade educativa, en especial as familias e alumnado, serán informados deste procedemento a través das distintas canles de publicación que emprega o Centro;

- Información por Abalar Móbil.
- Información en Páxina WEB.
- Información por comunicación Titorial.

PUBLICIDADE.

Publicación obrigatoria na páxina web do centro e demais medios habituais do Centro.

Informe de seguimento do Departamento de Orientación durante a Crise do COVID-19

A continuación se describen as medidas e acción levadas a cabo en referencia aos Plans que son competencia deste Departamento así como as medidas en relación aos diferentes membros da comunidade educativa e en especial ao alumnado NEAE

PLANS E PROGRAMAS

Dende o Departamento de Orientación tratouse de dar continuidade aos diferentes plans:

Plan de atención á diversidade:

Plan de Orientación Académica e Profesional

Plan de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe

Plan de Orientación Educativa

Plan xeral da aula de Audición e linguaxe

MEDIDAS ADOPTADAS E ACCIÓNS COA COMUNIDADE EDUCATIVA:

Equipo docente:

- Asesorar ao profesorado.
- Ofrecer recursos, materiais e información relevante para a practica profesional.
- Colaborar no deseño de plans de traballo.
- Apoiar o proceso de aprendizaxe do alumnado NEAE.

Alumnado:

- Levar a cabo sesións psicopedagóxicas a través de canles telemáticas.
- Entregar material a través de correo electrónico,
- Dotar ao alumando de información precisa e de interese para o momento que estamos a vivir.
- Ofrecer un apoio de tipo emocional para os casos necesarios.

Familias:

- Diseñar pautas e actividades que se poden realizar na casa en familia
- Dotar de recursos as familias para desenvolver as áreas de desenvolvemento dos seus fillos e fillas
- Levar a cabo o asesoramento das familias que o precise por mediación dos titores/as a través de comunicación telefónica.

Recursos empregados:

Para a presentación de recursos, pautas e información optouse pola elaboración dun Blog do Departamento de Orientación (orientacionartai.blogspot.com) onde de forma regular estivemos realizando publicacións para atender as diferentes necesidades da comunidade educativa.

Empregáronse todos os recursos telemáticos dos que dispoñemos fóra do noso ámbito de traballo (Cisco webex, correo electrónico, teléfono, etc.)